



DIRECCIÓN DE ENFERMARÍA DA ÁREA SANITARIA A CORUÑA E CEE

CONVOCATORIA DE POSTOS DE DUE PARA O EQUIPO DE EXTRACCIÓN CORAZÓN E PULMÓN DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO A CORUÑA

A Dirección de Enfermaría da Área Sanitaria A Coruña e Cee

RESOLVE

A convocatoria de postos de DUE para o Equipo de Extracción de corazón e pulmón, conforme ás seguintes

BASES:

Primeira: Poderán participar DUE que estean a traballar no Bloque Cirúrxico do CHUAC tendo preferencia na orde que segue:

1º Persoal con praza nos quirófanos do HUAC

2º Persoal con praza no resto de quirófanos do CHUAC (Hospital Teresa Herrera e Hospital Abente y Lago).

Segunda: Características dos postos que se convocan:

- **DUE** para o Equipo de Extracción de corazón e pulmón
- Nº de postos vacantes: 1
- Gardas localizadas
- A organización do traballo quedará supeditada á organización interna do devandito equipo.

Terceira: O criterio de adxudicación será o de antigüidade como propietario na Unidade, sendo de aplicación no caso de empate o baremo xeral contido nas bases da convocatoria do concurso de mobilidade interna do persoal estatutario fixo do 29 de decembro do 2020.

Cuarta: As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Complexo Hospitalario, mediante escrito dirixido á Dirección de Enfermaría no prazo de 7 días naturais a contar dende o día seguinte a data de publicación da convocatoria nos taboleiros da unidade e na páxina do Espazo Profesional.

A Coruña, a 29 de marzo de 2022